



Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/20432/2022 23/09/2022

Area / Unidade RR.HH PE0000 CLR	Documento 10816IOCLR	
Código de verificación 	Expediente 108/2022/1550	
1C00 3449 0O1T 4N0D 0YK3	Data 19-09-2022	

Asunto: Convocatoria para a cobertura temporal do posto de Coordinador/a de Centros e Programas, referencia 1384.

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A directora da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, con data 12/08/2022 e código de verificación 0B0P6Z5C4H030Y5A04BV, remite ao servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de Coordinador/a de Centros e Programas de Servizos Sociais (nº referencia posto 1384).

Dita cobertura temporal do posto solicítase porque considerase que o citado posto é de importancia estratéxica, ao facer de enlace entre xefaturas de departamento e de servizo e as direccións de unidade técnica. Ademais, ten encomendadas funcións de planificación, coordinación e control da execución de programas sociais, xunto coa responsabilidade de coordinar e supervisar os servizos subcontratados.

A mobilidade que se realiza dente este posto entre as distintas dependencias da concellería facilita a coordinación dos equipos profesionais, polo que cómpre a urxente cobertura do posto para a continuidade do desenvolvemento, xestión e seguimento dos programas, planes e proxectos que atenden as necesidades da cidadanía en xeral, e das persoas mais vulnerables.

Segundo.- Con data 12/08/2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada pola directora da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación:

1. Coordinador/a de centros e programas de Servizos Sociais (Servizo de Servizos Sociais), referencia 1384

O persoal funcionario de carreira que cumpra os requisitos esixidos na RPT e que quera participar nesta convocatoria deberá presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou sede electrónica, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no xestor de contidos ALFRESCO e na sede electrónica municipal.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas SS	Coord. Centros e Programas.	1384	A1/A2	24	AE	FR11 ED

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Segunda.- O xefe de Servizo de RR.HH. có conforme do director de Economía, Facenda e Réxime Interior (con data 17/09/2022 e nº verificación 5Z0W4Q0K4N5F3H0H0OWN), unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os currículos dos candidatos presentados, así como o informe do xefe de Servizo de Servizos Sociais e a Xefa de Servizo de Acción Social, có conforme da directora de Área de Igualdade, Benestar Social e Participación (con data 12/09/2022 e nº verificación 5P3A245E5R6X735G0RAG), remite ao servizo de RR.HH. unha proposta de nomeamento de Dona M^a Cristina Ramos Pedreira, en comisión de servizos, no posto de Coordinadora de Centros e Programas de Servizos Sociais (nº referencia posto 1384).

Terceira.- Considerando a urxente necesidade de cobertura dun posto de Coordinador/a de Centros e Programas de Servizos Sociais, có fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Servizos Sociais, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona M^a Cristina Ramos Pedreira, en comisión de servizos, ao posto de traballo de Coordinador/a de Centros e Programas de Servizos Sociais, co número 1384 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas SS	Coord. Centros e Programas.	1384	A1/A2	24	AE	FR11 ED

Quinta. O posto de orixe de Dona M^a Cristina Ramos Pedreira, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas SS	Técnica de Apoyo Social	1404	A2	20	AE	FR09 JP AP1

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 231, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.



Sétima. - O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1.- Destinar a Dona M^a Cristina Ramos Pedreira (NIF **4486***), en comisión de servizos, ao posto de Coordinador/a de Centros e Programas de Servizos Sociais (nº referencia posto 1384). As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Servizos Sociais	SS1100	Centros e Programas SS	Coord. Centros e Programas.	1384	A1/A2	24	AE	FR11 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada e ao Xefe de Servizo de Servizos Sociais.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.
Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior
José Manuel Lage Tuñas